

# Eu unha bruxa??

-Porqué non te rindes xa Kureja? Non ves que xa nin te podes ter en pe? Admíteo, unha vez máis, a Era das Bruxas Oscuras foi derrotada. Eras a única que quedaba, e caeches.-Ofreceu mirando con pena á súa adversaria.

-Non creas. Ti o dixeches, son a última, tan so por iso, non debo caer, non podo caer.-Dixo marcando as últimas dúas palabras.

-Pois se non é polas boas, entón terá que ser polas malas.-Advertiu.

-Moi ben, pois polas malas entón.-Dixo chea de rabia antes de reaccionar.

Dictou as palabras dun conxuro e abriu un portal interdimensional, un portal que a sacaría de alí. Antes de atravesalo, mirou de novo atrás.

-A loita aínda non acabou Margaret, ei volver, e para entón, o Acorde do demo e as Perlas negras da oscuridade pertenceranme.-Dixo clavando os seus ollos violáceos cheos de odio na súa compañeira.

Atravesou o portal, e este cerrouse ao intre impedíndolle o paso a Margaret. Pero non se dou por vencida, rastreou o feitizo, e todo o que puido saber foi que a súa adversaria, atopábase agora no 2.011.

-Xenial, co sono que teño, e comezamos xa con inglés. Buff, e se me durmo na clase, castigo. Vaia vida máis extresante levamos.-Dixo Candy deitada encima do pupitre vendo chover.

-Xa che digo. O mellor de todo é que a profe de inglés está de baixa, e acaba de chegar outra fai uns días. É curioso, porque ten os ollos violáceos. Haber onde se viu eso.-Dixo igual de aburrida Xiana.

Candy levantou a cabeza de súpeto, a nova profesora acababa de entrar na clase. Xiana estaba no certo, a nova profesora chamada Daniela, tiña os ollos violáceos. Comezou a explicar, e coma a maioría dos profesores, era aburridísima, e as dúas rapazas no aguantaron máis e adromeceron.

Candy estaba cómodamete durmida, ata que un ruído doce e fermoso a espertou. Abriu os ollos e despexouse, e entón, só entón, puido ver que a nova profesora acababa de quitarlle algo aos seus compañeiros, non sabía o qué, pero na clase só había dous corpos con vida, e 19 sen ela. Abraiada, observou ben o obxecto que sostíña a mestra, e segundos despois deuse conta do que era. Unha melodía tan cautivadora e grandiosa só podía ser producida por un instrumento en especial, o Acorde do demo, e a profesora estaba a tocar para espertalo.

Sen darse conta, os beizos da rapaza produciron unhas palabras extrañas, e estas produciron unha bola de enerxía que tiña como destino, o corpo daquel ser que, minutos antes, era unha aburrida mestra. O "feitizo" xurdiu efecto, e o que sexa que estaba a facer Daniela, botouse a perder. Esta molesta, pronunciou tamén un conxuro que adormecía a moza.

Candy sentía como os seu corpo case non se sostíña en pe, e como os seus párpados se pechaban lentamente, pero antes de rendirse ao cansancio que estaba a sentir, oíu unha voz, unha voz que lle dicía que ela era unha bruxa, a bruxa que debía acabar coa súa mestra que

tamén o era. Aquelas palabras entraron no seu tímpano, do tímpano ao cerebro, absorvérona e con razón déronlle no corazón de pleno, non o podía crer, ela, unha bruxa.

Xa estaba deitada no chan, pero aínda tiña forzas para dicir algo.

Que teño que facer? Como podo devolverle a vida aos corpos dos meus compañeiros?-Dixo recordándoos e coas bágoas escorregándolle polas meixelas.

A Voz falou na súa cabeza de novo, e dixo: “Polo teu séptimo aniversario, regaláronche unhas perlas negras, quizáis formando unha pulseira, quizáis formando un colgante, da o mesmo, telas que destruír como sexa, son as Perlas da oscuridade. Encanto ao dos teus amigos, non podo facer nada, nin polo teu mundo tampouco. Kureja xa espertou ao demo, arrasará toda vida que haxa neste planeta, sinto moito. Dende oxe, nada volverá ser o mesmo”. A Voz cesou, e a rapaza adormeceu.

Quizás tivera o sentido durmido, pero a información que acababa de obter xa estaba asimilada. E iso probocou que a xoven bruxa soñara coas perlas negras que non recordaba ter. No soño, estaba ela fai sete anos na súa cama, e como non durmindo. Estaba soñando que a súa avoa lle regalaba unha pulseira de perlas negras, Candy pensou, si, sen duda alguna, aos sete anos regaláranlle as Perlas negras da oscuridade si, pero na súa imaxinación.

Chea de rabia, arrancounas do soño e apretounas tanto coas mans, que as destruíu, como aquel a Voz llo pedirá. Despois, tan só se viu caendo, caendo na oscuridade, no vacío.

Abriu os ollos, estaba na clase, pero esta estaba vacía, e o único que se oía era chover. Candy saiu a fora, recorreu o colexio, o pobo, incluso entrou nalgunhas das casas que estaban abertas, pero todo estaba deserto.

Estaría ela sola no mundo? Ou habería algún ser máis nel? Nin animais, nin plantas, nin sequera o máis diminuto microbio, tan só ela.

Chorando, volveu á clase, sentouse no seu sitio, e adoptou a posición que tiña cando todo empezara. Non, dende logo, nada volvería ser o mesmo.

Katiana Veiga Espasandín 2ºB

